

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. MARCO LEGAL.....	3
3. OBXECTIVOS.....	4
4. RESPONSABLES.....	6
5. ACCIÓNS PARA O FOMENTO DA LECTURA.....	10
6. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA.....	12
7. RECURSOS.....	16
8. METODOLOXÍA.....	16
9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	18

1. INTRODUCCIÓN.

O proxecto lector nace no noso centro coa intención de mellorar a competencia lingüística do noso alumnado e, con iso, conseguir que sexan persoas capacitadas para un mellor futuro.

Con este proxecto preténdese que haxa unha maior afinidade cara a lectura, que lles permita un maior desenvolvemento en todas as áreas, potenciando a creatividade nos nenos e nas nenas do noso centro.

Para que este propósito funcione é necesaria a intervención de toda a comunidade educativa, é dicir, os e as profesionais do centro, familias e alumnado, de maneira que todos vaíamos na mesma dirección, coa finalidade de formar persoas que sexan capaces de buscar por si mesmas a información que precisen nos distintos ámbitos e nas diferentes formas nas que poida aparecer (dixital, impreso...).

O Plan Anual de Lectura e o Proxecto Lector de Centro garantirán a progresiva capacitación do alumnado nas competencias clave que se pretenden acadar de cara á súa formación como cidadáns e cidadás activos/as e solidarios/as.

A formación na lectura comprensiva esixe, á súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos... en soporte impreso ou dixital.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión, á vez que se fomentarán estratexias de comprensión lectora.

O profesorado de todas e cada unha das áreas de todos os niveis educativos, incluírán nas súas programacións as actividades previstas no proxecto, segundo a temporalización que se nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

2. MARCO LEGAL.

Coa finalidade de conseguir os obxectivos que a Lei Orgánica 3/2020 pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de Educación e o Decreto polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no noso centro dispoñemos dun programa de promoción da lectura (Proxecto Lector) incluído dentro do Proxecto Educativo e no que se integrarán as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades de uso, no tratamento e na produción da información, e en apoio da adquisición das competencias clave.

Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na Programación Xeral Anual.

Asemade, os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo, ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura se articulen todas as intervencións que se van a realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha.

Para a consecución do establecido na lei, o noso centro conta con:

- A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.

3. OBXECTIVOS.

3.1 Obxectivos xerais.

Estamos convencidos de que a lectura comprensiva non é tarefa do profesorado das áreas das Linguas, xa que o alumnado debe comprender as explicacións e o significado dos textos escritos en todas as áreas e nos diferentes ámbitos das súas vidas. É por iso que pretendemos deseñar un Proxecto Lector que estableza criterios comúns, que poidan ser adaptados aos distintos niveis educativos que se imparten neste centro.

Con este proxecto preténdese conseguir os seguintes obxectivos xerais:

- Potenciar o uso da biblioteca como fonte de recursos variados para o pracer de ler, así como fonte para a obtención de información variadas para toda a comunidade educativa.
- Mellorar a capacidade lectora do alumnado, no só a nivel mecánico senón tamén a nivel comprensivo, desenvolvendo o hábito lector.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- Mellorar a competencia lecto-escritora nas dúas linguas de uso.
- Fomentar a lectura de pequenos textos de lingua inglesa, como lingua estranxeira impartida no centro.
- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de goce e información, á vez que de riqueza persoal.
- Traballar actividades que desenvolvan a creatividade e a imaxinación coa elaboración de contos individuais, ou en grupo, poemas, obras teatrais...
- Afianzar hábitos de comportamento, así como de coidado e respecto polos libros, outros soportes e demais materiais.
- Adquirir o nivel léxico axeitado a cada idade, en todas as áreas do coñecemento, ampliando o vocabulario activo e activando o pasivo.
- Apoiar a adquisición das competencias clave.
- Garantir un tempo mínimo diario á lectura en todas as áreas de todos os cursos de Educación Primaria.

3.2. Obxectivos específicos.

- Do centro:
 - Analizar as consideracións e propostas de mellora recollidas nas reunións de mestres e mestras.
 - Organizar os recursos humanos e materiais para conquistar a máxima rendabilidade dos mesmos.
 - Planificar propostas educativas comúns a todo o centro.
 - Levar a cabo un seguemento e avaliación do propio plan.
 - Fomentar e premiar a iniciativa propia referida á lectura de libros.
 - Aconsellar lecturas específicas para os lectores.

- Do alumnado:
 - Desenvolver a comprensión e expresión oral conforme o seu momento evolutivo, practicando cada día a expresión oral, falando con propiedade e cortesía.
 - Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación axeitadas.
 - Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.
 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade (literarios, científicos, informativos...)
 - Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información (resumes, mapas conceptuais, subliñados, ideas principais...)
 - Utilizar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe e como fonte de pracer.
 - Apreciar a labor dos textos literarios e utilizar a lectura como medio de disfrute e información e como enriquecemento persoal.

- Facer uso dos textos literarios infantís depositados na biblioteca do centro.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo e aprendizaxe.

4. RESPONSABLES.

Para poder levar a cabo o Proxecto Lector de Centro é necesaria a colaboración da totalidade da comunidade educativa, onde cada un dos e das compoñentes deberá desenvolver as funcións que lle correspondan co fin de mellorar entre o alumnado a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.

Os **membros do Equipo de Biblioteca** neste curso escolar 2022/2023 son:

- María Begoña González Picanes
- Inés Rodríguez Iglesias
- Silvia Rodríguez Gómez
- María Taboada veiga
- Silvia Vázquez Diéguez
- Susana Varela Fernández
- María Luisa Otero García
- Fátima Novoa Datorre
- Verónica Iglesias Porral
- Pablo Rivas Diaz
- M^a Laura Osorio Ramos (coordinadora)

En canto ao **horario de apertura da biblioteca escolar**, sinalar que o alumnado poderá acudir á biblioteca de centro durante os períodos de lecer e manteremos os “Bibliopatios”, onde sacaremos a biblioteca escolar para o alumnado da etapa de Educación Infantil.

A parte disto, cada nivel terá asignada unha hora semanal para que acudan cos seus titores ou titoras para facer uso do préstamo de libros a través do programa Meiga. Este curso non contaremos con voluntariado por parte do alumnado para facer labores de mantemento da biblioteca de centro.

-Funcións do Equipo de Biblioteca:

- Dinamizar e impulsar a aplicación do Proxecto Lector de Centro.
- Asesorar ao profesorado do centro na solución de problemas que poidan xurdir no desenvolvemento do proxecto e en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental.
- Fomentar a creación de contidos educativos polo profesorado do centro e a súa difusión en toda a comunidade educativa.
- Establecer a utilización da biblioteca escolar e os criterios para o préstamo.
- Integrar a biblioteca escolar no proceso de ensino-aprendizaxe de cada unha das áreas curriculares.
- Coordinar a elaboración das programacións e unidades de traballo da “Hora de ler”.
- Contribuír ao bo funcionamento da biblioteca escolar.
- Comprometerse a colaborar activamente coa coordinadora de Educación Infantil e de Educación Primaria á hora de proporcionarlles material didáctico, teórico e práctico, encamiñado á inclusión de actividades de fomento da lectura e comprensión lectora nas distintas programacións.
- Colaborar na posta en práctica das actividades de fomento da lectura e expresión oral e escrita ao longo de todo o curso.
- Este Proxecto Lector incorporárase ao Proxecto Educativo co fin de traballar a comprensión lectora e a expresión oral e escrita de modo sistemático.

- O Proxecto Lector non só se centrará en libros, senón en calquera formato e soporte: revistas, xornais, xogos...

-Funcións do equipo directivo:

- Facilitar os recursos humanos e materiais de que poidan dispoñer.
- Determinar as estratexias para a implantación no centro do Proxecto Lector.
- Velar polo desenvolvemento do Proxecto Lector.
- Presentar ao claustro un Proxecto Lector de Centro que implique a toda a comunidade educativa e que se axuste á demanda do centro.
- Propoñer as medidas organizativas, curriculares e extracurriculares que formen parte do plan e que favorezan a realización do mesmo.

-Funcións da Comisión de Coordinación Pedagóxica:

- Fará cantas propostas e suxestións considere oportunas.
- Velará pola súa aplicación e analizará os resultados para adecualos ás necesidades do centro.
- Será informada de calquera decisión que se tome ao respecto da comprensión lectora. Esta comisión, á súa vez, comprométese a transmitir esta información aos equipos de ciclo e aos equipos inter niveis.

-Funcións dos demais mestres e mestras do centro:

- Levarán a cabo a avaliación inicial do alumnado relativa á lectura, á escritura e á expresión e comprensión oral.
- Sinalarán os obxectivos que se pretenden conseguir en canto á lectura, á escritura e á expresión e comprensión oral.
- Programarán as actividades a desenvolver durante o curso.

- Traballarán por igual a competencia lingüística nas dúas linguas cooficiais da nosa Comunidade Autónoma.
- Coordinaranse co equipo de biblioteca.
- Avaliarán os resultados obtidos e a súa repercusión na competencia en comunicación lingüística, na competencia en aprender a aprender, na competencia dixital e na competencia social e cívica.
- De ser preciso, farán propostas de mellora a incluír no proxecto do curso seguinte.
- Acercarán o Proxecto Lector ao alumnado.
- Potenciarán a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico, contribuindo, en definitiva, ao crecemento persoal do alumnado.
- Implicarán ás familias no obxectivo de elevar a comprensión lectora dos seus fillos e fillas.
- Utilizarán os recursos da biblioteca escolar, o que contribuirá a actualizar os seus fondos.
- Considerarán a biblioteca como o motor da vida diaria do centro, tanto para alumnado como para profesorado.
- Ensinarán ao alumnado as técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora e co funcionamento da biblioteca.
- Considerarán o Proxecto Lector como unha materia transversal que implica todas as áreas, e que se pode traballar de diversos xeitos: en voz alta ou en silencio, co profesorado ou co alumnado de protagonistas, en dramatizacións ou recitais, individualmente ou de forma colectiva.

5. ACCIÓNS PARA O FOMENTO DA LECTURA.

Tendo en conta as necesidades anteriormente expostas, desde o equipo de biblioteca levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Hora de ler: trinta minutos diarios de lectura que se realizará co mestre/a titor/a dende as 10:30 ata as 11:00 horas.
- Actividades de comprensión lectora.
- Actividades de expresión escrita.
- Actividades de expresión e comprensión oral.
- Actividades de fomento á lectura organizadas pola biblioteca escolar e na que participará toda a comunidade educativa.
- Mochila viaxeira: unha bolsa de libros viaxará cada semana a casa dun alumno ou dunha alumna para acadar obxectivos propostos no Proxecto Lector de Centro.
- Actividades dirixidas á celebración de conmemoracións ou acontecementos de interese para o centro.
- Programa de recomendacións de lecturas.
- Bibliopatio.
- Implicación do alumnado na tarefa de ler libros para o alumnado doutras aulas, despois de preparar o texto.
- Programación de actividades para a celebración do Día do Libro.
- Representación de obras teatrais e/ou recitado de poemas nos distintos festivais.
- Elaboración de guións básicos para fomentar na aula estratexias lectoras.
- Contacontos.
- Implicación do profesorado no beneficio de ler, non só textos literarios, senón tamén textos informativos (xornal, revistas, receitas...), textos expositivos (ciencias, bioloxía, botánica...), sempre tratando de crear hábitos lectores e habilidades lectoras.

- Selección de novos exemplares, información dos mesmos ás titoras e titores e catalogación das novidades.

6. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA.

As actividades propostas no Proxecto Lector de Centro para dinamizar a biblioteca de centro para o curso 2023/2024 son as seguintes:

- Potenciar o uso da biblioteca como fonte de recursos variados para o pracer de ler, así como fonte para a obtención de información variadas para toda a comunidade educativa.
- Mellorar a capacidade lectora do alumnado, no só a nivel mecánico senón tamén a nivel comprensivo, desenvolvendo o hábito lector.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- Mellorar a competencia lecto-escritora nas dúas linguas de uso.
- Fomentar a lectura de pequenos textos de lingua inglesa, como lingua estranxeira impartida no centro.
- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de goce e información, á vez que de riqueza persoal.
- Traballar actividades que desenvolvan a creatividade e a imaxinación coa elaboración de contos individuais, ou en grupo, poemas, obras teatrais...
- Afianzar hábitos de comportamento, así como de coidado e respecto polos libros, outros soportes e demais materiais.
- Adquirir o nivel léxico axeitado a cada idade, en todas as áreas do coñecemento, ampliando o vocabulario activo e activando o pasivo.
- Apoiar a adquisición das competencias clave.
- Garantir un tempo mínimo diario á lectura en todas as áreas de todos os cursos de Educación Primaria.

Obxectivo 1: Fomentar no alumnado o interese e o gusto pola lectura, potenciando a formación de lectores e lectoras competentes.			
Acción 1	HORA DE LER		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Adicar un tempo de 30 minutos diarios á lectura na aula todos os días onde os nenos e nenas poidan acceder a diferentes temáticas de lectura.		
Responsables	Equipo de biblioteca e titores/as		
Recursos e materiais	Biblioteca escolar.		
Acción 2	MOCHILAS VIAXEIRAS E LIBRO VIAXEIRO		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Compartir coas familias a lectura de contos dunha mochila viaxeira onde haberá un exemplar en castelán, un en galego, un en inglés, un específico da temática “de Vila de Cruces para o mundo” e un de elaboración de guía de viaxes. Con este último, crearemos o libro viaxeiro este curso.		
Responsables	Equipo de biblioteca		
Recursos e materiais	Contos incluídos en cada mochila viaxeira e libro viaxeiro.		
Acción 3	“LERFLIX”		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Expoñer nun formato atractivo diferentes portadas de libros para mostrarlle ao alumnado os novos lanzamentos, tendencias, suxerencias... da nosa biblioteca		
Responsables	Equipo de biblioteca		
Recursos e materiais	Panel de exposición, portadas de libros.		

Obxectivo 2: Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo			
Acción 1	DÍA DO CÓMIC		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Mostrar ao alumnado outra alternativa de lectura a través do cómic.		
Responsables	Equipo de Biblioteca e titores/as		
Recursos e materiais	Cómic		
Acción 2	SEMANA DA PRENSA		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Elaboración dun telexornal entre todos os cursos para posteriormente expoñelo no salón de actos.		
Responsables	Equipo de Biblioteca, titores/as.		
Recursos e materiais	Xornais.		
Acción 3	DÍA DA POESÍA		

	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Coñecer a importancia deste xénero literario mediante a busca de poetas importantes do mundo). Realizando lecturas e ilustracións das poesías escollidas e expoñendo nun mural exterior.		
Responsables	Equipo de Biblioteca, titores/as.		
Recursos e materiais	Libros de poetas do mundo.		

Obxectivo 3: Crear unha biblioteca cada vez máis inclusiva que dé a coñecer e dé resposta ás necesidades do alumnado do centro.			
Acción 1	DÍA DA DISCAPACIDADE		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Tomar conciencia de como vive unha persoa con discapacidade e de cales son as dificultades que pode atopar no seu día a través da charla dun profesor do CEE da Barcia, así como o funcionamento do centro que é compartido por un alumno que asiste tamén ao noso centro.		
Responsables	Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo de biblioteca e titores/as		
Recursos e materiais	Biblioteca escolar, cortos e persoa encargada de dar a charla.		
Acción 2	DÍA DA PAZ		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Apreciar e valorar a importancia da paz mediante a reflexión e elaboración dun mural mapa mundi significativo no que cada nivel segundo o continente que lle tocara deberá colocar imaxes de lugares máis importantes, bandeiras, monumentos, vestimenta, etc.		
Responsables	Equipo de biblioteca e titores/as		
Recursos e materiais	Mural		
Acción 3	DÍA INTERNACIONAL DA MULLER		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Investigar sobre diferentes mulleres do continente que lle foi asignado a cada nivel e expoñelos nun mural fóra de cada aula.		
Responsables	Equipo de Biblioteca, EDLG, titores/as.		
Recursos e materiais	Libros de consulta, xornais...		

Obxectivo 4: Descubrir a lectura como medio de ocio e disfrute personal.			
Acción 1	BIBLIOPATIO		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Aproveitar o tempo de lecer para disfrutar da lectura ao aire libre sacando os libros ao patio.		
Responsables	Equipo de biblioteca		

Recursos e materiais	Contos e carritos ou caixas.
-----------------------------	------------------------------

Obxectivo 5: Trasladar ao ámbito extraescolar e familiar o interese pola lectura así como fomentar a participación das familias na escola en materia lectora.			
Acción 1	DÍA DO LIBRO		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Escribir lendas do país ou continente que lle tocara axudado/a por algún membro da súa familia.		
Responsables	Equipo de biblioteca, titores/as		
Recursos e materiais	Cámara fotográfica, aula virtual e fotografías.		

Obxectivo 6: Empregar os medios informáticos e audiovisuais como un recurso mais para busca, xestión, expresión e difusión da información.			
Acción 1	“BIBLIOTUBERS”		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Fomentar a lectura mediante a creación dun espazo (bibliotubers). Nel o alumnado poderá protagonizar vídeos de críticas, recomendacións de libros, etc..		
Responsables	Equipo de Biblioteca		
Recursos e materiais	Libros, Biblioteca escolar, cámara de vídeo, web do colexio.		
Acción 2	“UNBOXING”		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Explicar e presentarlle os xogos ao resto do alumnado.		
Responsables	Equipo de Biblioteca		
Recursos e materiais	Xogos, cámara de vídeo, web do colexio.		

Obxectivo 7: Potenciar o uso da biblioteca de aula e de centro como recurso para o ocio e tamén para a construción de novos coñecementos.			
Acción 1	DÍA DAS BIBLIOTECAS		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Elaboración dun marcapáxinas individual que empregaremos ao longo do curso para a lectura de libros na hora de ler nas aulas.		
Responsables	Equipo de biblioteca.		
Recursos e materiais	Biblioteca escolar e diferentes materiais necesarios para a elaboración do marcador e do cartel identificativo.		
Acción 2	DÍA DAS LETRAS GALEGAS		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T

Indicador	Coñecer a autora homenaxeada (Luisa Villalva) e a súa obra a través da consulta de diferentes libros e recursos.
Responsables	EDLG, equipo de biblioteca e titores/as.
Recursos e materiais	Fichas elaboradas para traballar sobre esta autora nas aulas.

Son actividades complementarias para dinamizar a biblioteca escolar:

- Dar a coñecer a biblioteca á comunidade educativa.
- Favorecer e animar aos préstamos de libros.
- Aumentar os fondos.
- Realizar actividades de animación á lectura e achegamento ao espazo onde se realiza.
- Exposición de libros nas aulas.
- Catalogación no programa MEIGA.
- Selección de libros en referencia a temas de actualidade ou conmemoracións realizadas no colexio.
- Expurgo dos fondos, mantemento en bo estado e retirado dos materiais en desuso.
- Divulgación entre o profesorado dos fondos para as aulas.
- Ofrecer a idea de que a biblioteca é un lugar para “Aprender a aprender”.

7. RECURSOS MATERIAIS E ORGANIZATIVOS.

A nosa biblioteca escolar conta cunha dotación rexistrada no programa MEIGA de:

- Libros de lectura adaptados ás diferentes idades do alumnado, de diferentes xéneros e en distintos idiomas.
- Revistas escolares.
- Ordenador e lector de código de barras.

- Contamos tamén con outros recursos como son: biblioteca do Concello, recursos na web e outros recursos que se vaian adquirindo.

8. METODOLOXÍA.

O decreto que establece o currículo de Educación Primaria recolle entre os principios metodolóxicos os seguintes referidos á lectura:

- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en todo tipo de soportes e formatos.
- Os centros educativos deberán integrar as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.
- Fomentarase a existencia dunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura, como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre o alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

Se partimos da base de que a lectura é un dos principais medios na aprendizaxe e formacións do noso alumnado, ler non só consiste en buscar e decodificar información, senón que debe permitir ao neno e á nena ter motivación e interese pola aprendizaxe. O papel da escola non debe só limitarse a ler, senón que debemos preparar ao alumnado para que poida utilizar as máximas posibilidades que lle ofrece a lectura.

Todo isto implica unha metodoloxía que teña como principal obxectivo espertar unha motivación cara a lectura no alumnado, desenvolvendo a capacidade de expresión e de comunicación tanto oral como escrita. Esta responsabilidade corresponde tanto aos e ás docentes como ás familias, e levará ao alumnado a gozar da lectura de xeito individual e colectivo.

Para que isto resulte o Proxecto Lector de Centro debe:

- Responder ás necesidades do alumnado.
- Ser o resultado dunha reflexión conxunta.
- Ser realista.
- Ser flexible.
- Ser progresivo.
- Primar a calidade na selección e tratamento de lecturas.

Algúns aspectos metodolóxicos a destacar son:

- Empregarase o conto como instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas, as estratexias lectoras e a creatividade.
- Utilizarase a biblioteca de xeito sistemático concibíndoa como centro de recursos e apoio ao aprendizaxe desde todas as áreas.
- Intentarase espertar no alumnado o interese pola lectura, empregando diversas estratexias de animación e proporcionando unha ensinanza axeitada ás súas características.
- Buscaranse e aplicaranse estratexias para mellorar tanto a mecánica lectora como a comprensión.
- Insistirase na idea de que os manuais son libros de texto variados nos que se poden facer cada día progresos na lectura comprensiva e expresiva, utilizando enfoques didácticos diferentes para os distintos textos (prosa, poesía, informativo...).

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

O Proxecto Lector de Centro deberá ser sometido a unha avaliación permanente e continua na que se valorarán aspectos fundamentais como: a percepción do texto, o grao de comprensión de textos, a busca de información, a exposición de textos orais e escritos e o desenvolvemento acadado nas competencias clave.

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e da súa concreción no Plan Anual de Lectura. Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrentarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude ante a lectura como medio de aprendizaxe e fonte de pracer.